

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 5, 27-32

Naquel tempo, Xesús viu un recadador de impostos chamado Leví, sentado ó mostrador da contribución, e díxolle:

– «Sígueme».

El, deixando todo, levantouse e seguiuno.

Leví ofreceulle na súa casa un gran banquete, e había moitos recadadores e outra xente sentados á mesa con eles. E os fariseos e os seus letrados refungaban, dicíndolles ós discípulos:

– «¿Por que comedes e bebedes cos recadadores e pecadores?»

Xesús respondeulles:

– «Non son os sans, senón os enfermos, os que precisan médico. Eu non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores, para que se convertan».